



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



ÍNDICE

Introducción	3
1. Xustificación baseada no contexto	5
2. Identificación e valoración das necesidades	11
3. Determinación dos obxectivos.....	18
4. Descrición das actuacións, medidas e / ou programas para a atención á diversidade	21
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas	34
6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro	38
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e centros adscritos	43
8. Canles de colaboración con familias e servizos externos ao centro	44
9. Protocolos para solicitude e / ou autorización de medidas extraordinarias.....	45
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan	46
Anexos	49

INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos, a consideración dende o Sistema Educativo da atención á diversidade experimentou un gran cambio, pasando da segregación en centros de educación especial á integración e incorporación do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo ao sistema ordinario.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa establecen entre os fins da educación o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos/as. Para iso, establece que se traballe na escola baixo un principio de inclusión que garante o desenvolvemento de todos, favorecendo a equidade e non discriminación e actúe así como elemento compensador das desigualdades.

No título II a lei fai referencia ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entendido este como o alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria. O conxunto de medidas educativas que da resposta a estas diferenzas englobase baixo a denominación de “atención á diversidade”.

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación do 3 de maio, no seu artigo 121 xunto co Decreto 229/2011 establecen que o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do centro e que respectará o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais. A atención á diversidade configúrase así como un principio fundamental do sistema educativo regulado pola citada lei.

No marco do decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado na nosa comunidade, enténdese por este concepto o conxunto de medidas e acción que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de

aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Así mesmo, recóllese como alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, aos que a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa engade o alumnado con TDAH.

Debemos pois ter en conta que entre o alumnado existen diferenzas en canto a aptitudes, motivación, intereses, estilos cognitivos, historia escolar, condicións persoais, etc. e todo iso condiciona o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Por esta razón, a atención á diversidade debe considerarse un área prioritaria de actuación, que non só atinxe ao departamento de orientación senón a todo o profesorado. Añadir tamén as diferenzas entre as distintas familias, os seus intereses e preocupacións en relación á educación dos seus fillos/as, na que será fundamental a implicación e participación des mesmas, tal e como se recolle na Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación.

É pois necesario responder axeitadamente a esta situación, dando unha resposta correcta que potencie a integración social e educativa, a incorporación de valores e fomenta a participación do alumnado e das familias na vida do centro, xerando unha ensinanza de calidade.

En consecuencia e segundo se establece no decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, elaborar, sistematizar e dinamizar un plan de atención a diversidade no que participen todos os sectores da comunidade educativa e que responda ás necesidades do noso alumnado.

De aí que este Plan será o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro pon en práctica para proporcionarlle ao alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas, e que cada quen acadade o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

A vila de Noia, que conta con 14.263 habitantes, é o punto de referencia socio-económica e cultural de toda a comarca. A súa poboación adícase maioritariamente ao sector terciario, que é o maior xerador económico da vila, actuando esta como centro comarcal de comercio e servizos a onde acode a poboación dos concellos próximos para abastecerse de produtos básicos e especializados. Os días de maior afluencia son os xoves e os domingos, que son días de mercado e hai feiras quincenais o 1º e 3º domingo de cada mes.

O resto da poboación distribúese entre os sectores secundario, que reúne á pequena e mediana industria existente e á construción, e primario, que se reparte entre a agricultura e a pesca, sendo o mar e as actividades con el relacionadas o que sostén case todo o peso deste sector, xa que a actividade propiamente agrícola ten un papel case testemuñal.

O concello de Lousame, coñecido tempos atrás pola actividade mineira, ten unha poboación dispersa en moitos núcleos pequenos e depende case exclusivamente do sector primario: actividade agrícola – gandeira e sector forestal.

A zona Norte do concello de Outes, da que este Instituto recibe alumnos, depende economicamente do sector primario, notándose estes últimos anos un aumento da sector de servizos na capital do concello.

Salientar a importancia que a emigración está tendo nos últimos anos, xa que un gran número de persoas da comarca, entre os que se atopan pais e nais de

alumnos e alumnas do noso centro, están marchando sobre todo hacia as Illas Canarias, Baleares e en menor medida ós Estados Unidos.

Respecto a infraestructuras e servicios socio-culturais, a vila de Noia conta cos seguintes:

- Dous colexios públicos de ensino primario.
- Dous colexios privados, de ensino primario e secundario.
- Duas garderías privadas.
- Un conservatorio musical municipal de grao medio
- Dous Institutos de E.S.O, BACH e FP: o I.E.S. “Virxe do Mar”, que na actualidade imparte E.S.O., Bacharelato., un Ciclo Formativo de grao medio, e E.O.I. de Francés e Ingles, e o I.E.S. “Campo de San Alberto”, que na actualidade imparte E.S.O., Bacharelato, varios Ciclos Formativos medios e superiores, así como FP Básica e educación de adultos.
- Unha biblioteca municipal.
- Casa da Xuventude.
- Casa da Cultura.
- Sociedade cultural e recreativa “Liceo”.
- Un polideportivo municipal.
- Un campo de fútbol municipal.
- Unha piscina cuberta e climatizada.
- Clubes deportivos federados de: remo, atletismo, ciclismo, fútbol, baloncesto, hoquei a patíns, voleibol, tenis de mesa, taekwondo, etc.
- Un centro de Saúde dependente do SERGAS.
- Unha unidade de atención temperá.
- Dúas asociacións de atención a enfermos de Saúde Mental “ A Creba” e “A Misela”.

- Un teatro municipal: “Coliseo Noela”.

O noso alumnado

O 70% do alumnado do I. E.S. Virxe do Mar procede do concello de Noia, o 15% provén da zona Norte do de Outes, e o 5% restante, doutros concellos, do que cabería salientar o de Lousame.

Dos datos recollidos da enquisa do alumnado referidos a este apartado cremos importante pór de manifesto que a inmensa maioría di dispoñer de habitación propia, así como do material necesario para a realización das súas tarefas escolares.

Un número importante de alumnos e alumnas asiste a clases particulares tódolos días da semana.

Profundizando nas características do alumnado sinalar que, como en toda Comunidade Educativa e como cabe esperar, hai alumnos/as con altas expectativas e motivación de logro cara a aprendizaxe, coñecedores do valor do esforzo que require a mesma, igualmente hai un número importante de alumnos/as, con pouca motivación para a aprendizaxe que correlaciona na maioría dos casos con carencias na planificación, hábitos e técnicas de estudo, así como por razóns de desventaxa sociofamiliar e baixas expectativas académicas no eido comunitario e familiar.

Dentro deste continuo de necesidades educativas, atopamos alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo e con outras dificultades: alumnado con TDAH, alumnado con TEA, alumnado de altas capacidades, alumnado con dificultades de aprendizaxe (fundamentalmente con referencia ó uso das linguas a nivel expresivo e comprensivo e nas modalidades oral e escrita); alumnos e alumnas cunha situación familiar e socioeconómica desfavorecida e, por último, alumnos e alumnas con necesidades educativas derivadas de problemas psicolóxicos (ansiedade, depresión, etc.).

O gusto e o hábito pola lectura non é un trazo característico do alumnado, cuestión que lle pecha moitas portas para a súa aprendizaxe no sentido máis amplo da palabra, así como consecuencias na comprensión lectora.

Con respecto as súas expectativas profesionais, sinalar que nestes últimos anos o alumnado de 4º de ESO oriéntase máis cara ao Bacharelato que cara á Formación profesional.

Con respecto ás necesidades xeneralizadas no eido do desenrolo persoal e social, sinalar que os problemas graves de disciplinas son puntuais e infrecuentes (aplicación inmediata de medidas correctoras) polo que seguiremos traballando nesta dirección dende a prevención a través da educación en valores, das habilidades sociais, dun ensino democrático e responsable, e dende a búsqueda de estratexias alternativas ó conflito negativo. Tamén se aprecian necesidades dunha competencia social capaz de optimizar a transición á vida adulta e activa, así como de educación para o tempo de lecer. Certo é, que un número considerable de alumnos/as da secundaria comezan a saír as noites da fin de semana, o que nos leva a traballar dende o centro en coordinación coa familia a prevención de accidentes de tráfico, de enfermidades de transmisión sexual, do uso e abuso de sustancias prexudiciais, así como o desenrolo da asertividade para facerfronte a presión de grupo, da toma de decisión e resolución de problemas. Respecto dos hábitos de consumo de drogas, resaltan un 25% dos alumnos e alumnas que toman a alcohol as fins de semana, así como un 12% que recoñece fumar a diario.

A situación socio-económica familiar do alumnado reflicte o reseñado anteriormente con relación á totalidade da comarca, tal e como se pode comprobar na análise de enquisas realizadas ós pais e nais, da que resulta especialmente significativo o feito de que a maioría das nais dos nosos alumnos e alumnas se adica exclusivamente a tarefas domésticas.



A maioría dos pais e nais do noso alumnado posúen titulación académica entre de E.X.B., repartíndose o resto de forma case equitativa entre os titulados en F.P., Bacharelato e “Sen título”. (apartado 2º da enquisa) Só un 10% dos pais teñen unha Diplomatura ou Licenciatura Universitaria, diminuíndo esta porcentaxe no caso das nais.

Dun estudio máis exhaustivo da mencionada enquisa poderíanse extraer algúns outros datos rechamantes referentes a:

- relixiosidade dos pais e nais, maioritariamente católica.
- escasa colaboración coa A.N.P.A.
- valoración positiva da calidade do ensino que reciben os seus fillos e fillas neste Instituto.
- expectativas maioritariamente universitarias dos pais e nais cara o futuro dos seus fillos e fillas.

O IES Virxe do Mar, tal e como verifica o último Proxecto Lingüístico é un centro cun contorno con predominio do galego.

O noso centro

O Instituto de Ensino Secundario “Virxe do Mar” de Noia é un Centro Público, pertencente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Antigo Instituto Laboral, o edificio atópase no centro mesmo da vila, fronte á Casa do Concello, e a Alameda, punto tradicional de encontro de noieses e turistas. Aquí celebrábanse antigamente as feiras, tiñan o seu punto de partida e chegada os autobuses e dábanse e danse cita os e as vendedores de sementes típicas da comarca (singularmente do “ceboliño”).

O Centro está composto por dous edificios, o primeiro construído en 1889, en pedra, e o segundo, moi recente, de gran simplicidade.

O centro foi remodelado nos seus accesos con ramplas exteriores e con ascensor no edificio máis antigo para que as persoas con problemas de mobilidade poidan acceder ás dependencias.

A distribución das aulas é en dous edificios.

O edificio principal consta de dúas plantas e un ático. Na planta baixa atópanse as dependencias administrativas (oficina, despachos do equipo directivo), dúas aulas para o ciclo de Vídeo Disc Jockey e Son e a sala de usos múltiples “Álvaro de las Casas”. Na segunda planta: aula de debuxo, de tecnoloxía, música, almacén do ciclo, dous laboratorios (ciencias naturais e física e química) e un observatorio. No ático doce departamentos de reducidas dimensións.

O edificio novo está formado por: catro plantas, na planta baixa atópanse o ximnaso, vestiarios e servizos para profesorado. Na primeira planta, portería, sala de profesores/as, aula tutorías, biblioteca, e 3 aulas. Na segunda planta, 15 aulas de diferentes tamaños (polo que algunhas son utilizadas para desdobres), a aula de PT, servizos alumnado, cuarto de limpeza, e Departamento de Orientación. Na terceira planta, 7 aulas (algunha pequena polo que é usada tamén como desdobre), as 3 aulas de informática, servizos do alumnado e vivenda do/a conserxe.

Existen dous patios, un cuberto de pequenas dimensións e outro descuberto que funciona como pista de deportes. Dende o patio cuberto accédese á cafetería.

O organigrama do centro é o seguinte:

Órganos unipersoais

- Directora
- Vicedirector
- Xefe de estudos
- Secretaria

Órganos colexiados

- Claustro.

- Consello Escolar

Departamentos

- Departamentos Didácticos
- Departamento de Orientación

Outros órganos

- Equipo de normalización lingüística.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Comisión de convivencia.
- Xunta de delegados.
- Asociación de Nais e Pais.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACION DAS NECESIDADES

A avaliación de necesidades como primeira fase da intervención orientadora permítenos analizar o contexto educativo, a fín de poder determinar posibles necesidades educativas, sentando as bases para o establecemento dos obxetivos e das líneas prioritarias de actuación.

Os **instrumentos e recursos** empregados son: entrevista individual e colectiva con membros do equipo educativo e coas familias, análise de documentos (PE, PXA e a Memoria Anual), a observación (percepción do clima do centro), rexistro das demandas efectuadas polos profesores, pais e alumnos que se acheguen ó departamento, reunións e sondaxes.

É unha **avaliación compartida**, dirixida polo DO onde participan todos os profesionais implicados.

Momentos e procedementos de detección de necesidades do alumnado:

- Inicio de curso: unha vez que se ten información do alumnado (do centro adscrito, do de procedencia ou do curso pasado) procédese a

identificar a necesidade e pór en marcha a actuación pertinente para atendela. Infórmase aos departamentos para que teñan en conta esta primeira información nas súas programacións.

- **Avaliación inicial:** o profesorado titor/a é informado polo DO das necesidades do alumnado do seu grupo e as primeiras medidas para atendelas. Esta información organízase para transmitila na avaliación inicial ao resto de profesorado. Nesta avaliación inicial o profesorado, que tamén realiza o seu propio proceso de avaliación co alumnado do seu grupo, informa das necesidades que presenta e propón as medidas que considera pertinentes.
- **Ao longo do curso:** se nas diferentes sesións de avaliación se observan necesidades de alumnado e non se ten a suficiente información para atendelas pódese solicitar a realización dunha avaliación psicopedagóxica, previa entrevista coa familia. A información obtida comunícase á familia do alumno/a, ao titor/a e ao resto de profesorado para organización e coordinación das medidas, se procede. Así mesmo realízase o seguimento tutorial do rendemento do alumnado que presenta ou poida presentar necesidades.

A nivel xeral, as necesidades prioritarias no centro nos diferentes ámbitos de intervención poderían sintetizarse en:

Relativas ó Alumnado

- Necesidade de realizar / revisar a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e de deseñar e artellar a resposta educativa máis axeitada.
- Necesidade de deseñar e coordinar actividades e programas de cara a mellora da comprensión lectora e do hábito lector.



- Necesidade de deseñar e coordinar programas que potencien o uso das técnicas de traballo intelectual e a súa integración nas distintas áreas.
- Necesidade de promover a convivencia, reducindo os problemas de conduta e facilitando a integración ao centro por parte de todas e todos.
- Necesidade de atender ás características e necesidades de desenvolvemento persoal e social intrínsecas ás distintas etapas evolutivas empregando como estratexia básica de intervención os contidos trnasversais.
- Necesidade de orientar profesionalmente ós alumnos/as tanto no relativo á elección de optativas, de estudos posteriores, e a inserción no mundo laboral, conxugando expectativas e pontencialidades.
- Necesidade de facilitar a transición da educación primaria á educación secundaria, especialmente no caso do alumnado con NEAE, acercando ao alumnado dos centros adscritos á nosa realidade educativa.

Relativas ó profesorado:

- Necesidade de organizar e dinamizar a acción tutorial.
- Necesidade de asesorar ó profesorado no establecemento de medidas de atención á diversidade.
- Necesidade de colaborar co mestre de pedagogía terapéutica na atención a alumnos/as que reciben apoio.
- Necesidade de implicar ó maior número de profesorado no desenvolvemento da actividade orientadora no centro, integrándoa na medida do posible nas distintas áreas.
- Necesidade de contribuír á formación sobre aspectos psicopedagóxicos e didácticos.
- Necesidade de formación sobre novas tecnoloxías e o seu uso, dinamización da biblioteca escolar.

- Necesidade de traballo en equipo do profesorado e dinamización das diferentes reunión facilitando a comunicación entre o equipo de profesores dun mesmo grupo.
- Necesidade de actuar de xeito unánime conforme ao establecido nas Normas de Organización e Funcionamento, posibilitando o bo funcionamento do centro.

Relativas ó Centro

- Necesidade de deseñar a Concreción Curricular e da actualización do PE e das NOF.
- Necesidade de deseñar un PAT e un POAP contextualizado ás novas necesidades.
- Necesidade de revisión e/ou deseño de novas accións de reforzo educativo e atención á diversidade, sobre todo na etapa da ESO, para tratar de reducir o fracaso escolar actual.
- Colaboración e apoio no desenvolvemento das medidas de atención á diversidade postas en marcha no centro.
- Necesidade de afianzar a coordinación entre o IES e o centro adscrito, para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e diminuír o fracaso escolar que se produce no cambio de etapa.
- Necesidade de consolidar as relación co entorno e de realizar actividades en común.
- Necesidade de rentabilización dos recursos.
- Necesidade de fomentar a coordinación familia-escola.

Relativas á Familia:

- Necesidade de información sobre o sistema educativo e sobre as opción académicas e profesionais dos seus fillos/as.



- Necesidade de asesoramento acerca das distintas medidas de atención á diversidade e do seu papel para con elas.
- Necesidade de formación para unha responsabilidade compartida coa escola.
- Necesidade de unificar criterios educativos como medida preventiva de necesidades educativas moi básicas, potenciadoras do desenvolvemento integral do alumnado (hábitos de autonomía, hábitos de estudo, hábitos saudables, etc.).

Relativas ós centros adscritos

- Intercambio de información e seguemento dos alumnos obxecto dalgunha medida de atención á diversidade específica.
- Valoracións iniciais e, de se-lo caso avaliación psicopedagóxica, do alumnado que presente posibles NEAEs.
- Necesidade de orientación académica e profesional dos alumnos e familias do último curso de primaria.
- Necesidade de potenciar a relación entre os centros en base a uns obxectivos comúns.

Relativas o entorno comunitario

- Necesidade de intercambio de información acerca dos alumnos que precisan, dadas as súas necesidades, unha intervención interinstitucional.

Facendo referencia ás **NEAE** que podemos atopar no centro nun momento determinado ás necesidades xerais en función delas serían:

Alumnado con NEE (problemas de conduta e discapacidade)

- Necesidade de potenciar unha convivencia positiva entre todo o alumnado e o establecemento dunhas normas de aula.
- Necesidade de valorar a diferenza coma algo positivo e aprender de ela.
- Necesidade de adaptar o proceso de E-A as características individuais deste tipo de alumnado.



- Necesidade de adaptar o centro para eliminar as posibles barreiras que existan para a participación real destes alumnos/as.
- Necesidade de visibilización entre o profesorado dos diferentes protocolos que existen para a atención a este alumnado.

Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe

- Necesidade de adaptarnos ao seu estilo de aprendizaxe para compensar as dificultades que poidan presentar.
- Necesidade de promoción do protocolo de dislexia entre o profesorado para que coñeza as características e resposta para este alumnado.

Alumnado con TDAH

- Necesidade de adaptar tempos e probas de avaliación.
- Necesidade dun maior control na realización de tarefas, comprobando que anota na axenda o que ten que facer.
- Necesidade de poñer en coñecemento do profesorado o protocolo de atención para este alumnado.

Alumnado con TEA

- Necesidade de adaptar a metodoloxía para traballar con este tipo de alumnado.
- Necesidade de que o profesorado coñeza o protocolo de atención do alumnado con TEA.
- Necesidade, de ser o caso, de adaptar o centro cun SAAC.

Alumnado con altas capacidades

- Necesidade de asesoramento sobre as características deste tipo de alumnado.
- Necesidade de dar a coñecer as respostas e o protocolo de atención para estos alumnos/as.

Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar

Incorporación tardía:

- Necesidade dunha boa integración no centro, facendo partícipe ao resto do alumnado das características do lugar de onde proveñen.
- Necesidade de potenciar o coñecemento das linguas oficiais.
- Necesidade de coñecer o nivel de competencia curricular para adaptar o proceso de E-A.

Alumnado repetidor:

- Necesidade de coñecer as causas que motivaron a repetición para axustar metodoloxía, traballar a motivación, as técnicas de traballo intelectual, etc.

Alumnado con materias pendentes:

- Necesidade de levar un seguemento das tarefas a realizar por este alumnado para que superen con éxito as materias, en especial naquelas materias que non se imparten no curso no que están escolarizados/as.

Alumnado con atención hospitalaria ou domiciliaria:

- Necesidade de colaboración coas familias deste alumnado para a realización das tarefas académicas.
- Necesidade de pontenciar a adquisición das competencias, en especial as das materias instrumentais.
- Necesidade de coordinación cos Mestres/as encargados da atención.
- Necesidade de dar a coñecer á comunidade educativa o protocolo de atención domiciliaria.

Alumnado con atraso curricular xeneralizado:

- Necesidade dun reforzo educativo axeitado para poñerse ao nivel do resto de alumnado do seu curso, utilizando para este reforzo ao profesorado con dispoñibilidade horaria, na medida do posible.

Alumnado con risco suicida:

- Necesidade de formación ao profesorado sobre as características do alumnado con risco suicida e do protocolo de actuación.
- Necesidade de dotar ao alumnado que se atope nesta situación dun grupo de apoio, profesorado e alumnado, cos que se sinta a gusto e os que poida recurrir cando o necesite.

Alumnado absentista:

- Necesidade de proporcionar ao profesorado os modelos normalizados así como o protocolo de absentismo para poñelo en marcha cando sexa necesario.
- Necesidade de colaboración cos servizos sociais do Concello en este tipo de casos.
- Necesidade de implicar ás familias destes alumnos na marcha do centro, para un maior compromiso.

Alumnado en réxime de acollemento ou en situación social desfavorecida:

- Necesidade de colaboración cos servizos externos ao centro encargados deste tipo de situacións.
- Necesidade de facilitar ás familias de acollida a participación no centro.
- Necesidade de compensación das desigualdades entre o alumnado en situación social desfavorable.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Como **obxectivos a nivel xeral** podemos citar os que veñen reflectidos na normativa vixente como actuacións do centro, a saber:

- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
- Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

E como **obxectivos máis específicos**:

- Procurar que todo o alumnado adquira as competencias clave no maior grao que lle sexa posible.



- Considerar medidas xerais e específicas que permitan detectar e tratar as dificultades de aprendizaxe tan pronto como se produzan.
- Atender ás necesidades e intereses de todas as persoas, especialmente de aqueles con necesidades educativas especiais.
- Ofrecer ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo unha resposta personalizada, adecuada que facilite a consecución dos obxectivos mínimos da ESO.
- Normalizar a atención educativa ao alumnado con NEAE, asegurando unha resposta adaptada ás súas características e necesidades.
- Facilitar a adaptación do alumnado provinte de fora da nosa comunidade ou de outros centros da contorna e fomentar a incorporación dos diferentes valores que aportan as diferentes culturas existentes no centro.
- Atender e respectar a diversidade de intereses, capacidades e motivacións do alumnado.
- Favorecer a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto de toda a comunidade educativa.
- Compensar os posibles desfases curriculares do alumnado novo, (sexa ou non estranxeiro) e/ou en desvantaxe socio-cultural.
- Garantir a actuación coordinada de todo o equipo docente para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.
- Organizar os recursos humanos e materiais do centro co fin de dar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, en especial a aquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo.
- Impulsar a colaboración e coordinación do centro con outras institucións e asociacións o mais próximas ao noso entrono.
- Promover a participación do profesorado en cursos e temas relacionados coa atención á diversidade.

- Fomentar a participación do alumnado e as familias na vida do centro e nas diferentes actividades que se organicen.
- Implicar á familia de cara á consecución do hábito de estudo no fogar, nas actividades de reforzo e recuperación e no proceso avaliador.
- Asegurar a coherencia e continuidade da actividade educativa mediante a coordinación cos responsables de orientación nos centros adscritos
- Potenciar a Biblioteca como un lugar vivo, de encontro coa imaxe e a palabra, e facilitadora do apoio ó proceso de ensino- aprendizaxe.

4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E / OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Durante as primeiras semanas do curso realizarase un proceso de avaliación inicial que nos permita coñecer cal é a situación de partida do alumnado e comezar cunha actuación axustada ás necesidades, intereses e posibilidades dos mesmos.

Utilizaranse distintas técnicas e procedementos para establecer a situación do grupo clase e de cada alumno individual como: análise do proceso escolar seguido polo alumnado, escalas de observación, traballos realizados, actitude do alumno/a na clase, entrevistas mantidas, informes existentes, etc., complementadas cunha pequena proba elaborada polos respectivos departamentos para cada un dos cursos, de forma que nos permita comprobar os coñecementos previos dos alumnos en relación aos contidos.

Todo isto concretarase nunha reunión de avaliación inicial que se realizará a mediados do mes de outubro na que, reunido o equipo docente do alumnado, xefatura de estudos e departamento de orientación se informa en relación a cada alumno das necesidades existentes, e establecéndose, de ser o caso, as medidas e actuacións necesarias.

As medidas de atención á diversidade veñen recollidas nos diferentes referentes normativos que citaremos na bibliografía. Para a súa clasificación utilizaremos o Decreto 229/2011 onde distingue entre medidas ordinarias e medidas extraordinarias.

Medidas ordinarias

Son as actuacións que "facilitan a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas".

Entre as medidas que podemos citar se encontran:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro: horarios, agrupamentos, espazos, etc.

Para o alumnado que se incorpora a 1º de ESO, téñense en conta os datos e a información recollida nas reunións de coordinación da orientadora co titor/a de 6º de educación primaria.

Nos cursos superiores, os grupos elabóranse en función das opcións elixidas polo alumnado segundo as optativas e itinerarios escollidos e mediante unha reunión de profesorado na que se expoñen os principais problemas entre os alumnos/as de diferentes grupos.

Cando se produce a incorporación e nova matrícula dun alumno novo no centro, tras analizar a documentación que adxunta, incorpórase ao curso correspondente procedendo da seguinte forma:



- Recibimento do alumno e a familia mantendo unha entrevista coa dirección e orientadora do centro para obter información da situación e contexto familiar, informando e asesorando en relación ao proceso educativo.
- Estudo do expediente académico e/ou documentación que aporta.
- Percorrido coa familia e alumno/a polas dependencias do centro para coñecemento do mesmo. Indicaranse a aula e espazos de uso común.
- Incorporación do alumno/a ao curso correspondente, informando ao titor/a e equipo docente nunha reunión.
- Presentación na clase por parte do titor/a. A presentación pode realizarse a través dalgunha dinámica de grupo na hora de tutoría. Ademais un alumno do grupo, de forma voluntaria será o seu compañeiro-titor para facilitar a súa integración, resolver dúbidas ou dificultades iniciais e orientalo no centro.
- Realizarase por parte do equipo docente unha valoración inicial da competencia curricular do alumno/a, establecéndose as medidas necesarias para proporcionar unha adecuada resposta educativa.

Así mesmo teremos en conta para evitar a coincidencia e sobrecarga de exames nun mesmo día, que cada grupo de alumnos/as a través do seu delegado/a coordine as datas cos diferentes profesores. En caso de algún problema o alumnado solicitará a mediación do seu titor/a.

- Adecuación das programacións didácticas ao entorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos: tutoría entre iguais, traballo cooperativo, aprendizaxe por proxectos, etc. que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aula de atención educativa e convivencia destinada a mellorar a convivencia, tendo en conta o Plan de Convivencia do Centro onde se recollerá o

funcionamento da mesma así coma o horario, actividades a desenvolver e profesorado encargado de atendela (regulado na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015): “Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible”.

- Desdoblamento de grupos: realízanse desdobres nalgúns áreas priorizando as instrumentais para permitir unha mellor atención do alumnado e a realización de distintas actividades que motiven o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, regulados na Orde do 6 de outubro do 95 e na Circular 8/2009 respectivamente.

Defínese o reforzo educativo coma unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo (instrumentos de avaliación, metodoloxía, etc.)

Estará dirixido a alumnos que coa modificación dos elementos non prescriptivos do currículo poidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Será elaborado polo profesorado que imparte a materia co coñecemento do Titor/a, que o comunicará ó equipo directivo e á familia do alumno.

Será desenvolvido no contexto ordinario, polo profesorado, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais.

- Programas de enriquecemento curricular para alumnado con altas capacidades intelectuais, regulados na Orde do 28 de outubro do 96.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais, regulados na Circular 8/2009, para alumnado de 1º que accede por imperativo legal, repite 1º, promociona a

2º sen superar instrumentais ou repite 2º. Baseado nos mínimos esixibles. Estarán exentos de cursar a 2ª lingua estranxeira.

- Programas de recuperación, regulados na Circular 8/2009, para alumnado de 2º con instrumentais superadas pero con outras materias sen superar. Poderán estar exentos de cursar a 2ª lingua estranxeira.
- Programas específicos personalizados, regulados na Circular 8/2009 para alumnado repetidor.
- Programas de habilidades sociais, regulado na circular 8/2009 e na normativa sobre convivencia. Incluído no Plan de Convivencia e no Plan de Acción Titorial, elaborado polo Departamento de Orientación. A desenvolver de maneira xeral nas titorías e especificamente no alumnado derivado á aula de convivencia ou privado da asistencia ao centro.

Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Requiren da autorización da dirección do centro ou servizo de inspección educativa, xefatura territorial, ou da dirección xeral que proceda.

- Adaptacións curriculares: reguladas na Orde do 6 de outubro do 95. Son modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo para atender as necesidades educativas dun alumno motivadas por unha determinada dificultade persoal ou polas súas capacidades excepcionais. Unha vez esgotadas as medidas ordinarias, e como último recurso recorreremos á

adaptación curricular. Para a súa elaboración seguirase o seguinte protocolo de actuación:

- O departamento de orientación realiza unha valoración psicopedagóxica do alumno previa información á familia (ANEXO I).
- Realización dun informe psicopedagóxico coas orientacións oportunas, as familias terán dereito a unha copia do mesmo.
- Se observamos a necesidade de elaborar unha ACS, convócase unha reunión co equipo docente e xefatura de estudos establecendo pautas e asesoramento para a elaboración da mesma aos departamentos.
- Reunión do titor/a e departamento de orientación coa familia para informar da necesidade desta medida. Deixarase constancia desta reunión mediante conformidade da familia (ANEXO II).
- Envío á Inspección educativa da documentación para a súa aprobación.
- Seguimento e coordinación do profesorado, departamento de orientación, titor/a e PT.

O deseño e desenvolvemento da adaptación curricular será responsabilidade do profesorado da materia implicada, co asesoramento, se é preciso, do Departamento de Orientación. O seu desenvolvemento será no contexto educativo ordinario, agás en casos excepcionais, e sempre menos de 1/3 da xornada escolar. As Intervencións específicas dos mestres de PT ou AL, na aula ordinaria ou fóra dela, serán propostas e deseñada polo Departamento de Orientación en colaboración coa xefatura de estudos.

- Agrupamentos flexibles: poderanse constituír, con carácter temporal, como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe naquelas áreas onde se observen maiores dificultades.
- Apoio do profesorado especialista en P.T. e/ou A.L.: prestar atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira,

atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado. Reguladas as súas funcións na Orde do 24 de xullo do 98.

- Flexibilización do periodo de escolarización, tendo en conta a Orde do 27 de decembro do 2002, a do 28 de outubro do 96 e o Decreto 229/2011. Para alumnado con nee ou alumnado de altas capacidades.
- Programas de mellora do aprendizaxe e do rendemento (PMAR): segundo o D. 86/2015 e resolucións anuais de implantación da ESO. Para alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe non debidas a falta de esforzo e que repetisen unha vez (en calquera etapa), non estando en condicións de promocionar: cursado 1º da ESO promoción a 2º PMAR, cursado 2º da ESO promoción a 3º PMAR, e cursado 3º da ESO repetición de 3º nun PMAR.

Na xunta de avaliación da 2ª avaliación o equipo docente fai unha posible proposta de alumnado candidato a formar parte do grupo de PMAR entre os alumnos que cumpran as condicións de acceso.

O departamento de orientación informa aos alumnos propostos e as súas familias e explica a organización e funcionamento do programa; realiza a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as e elabora os informes correspondentes. Xa en setembro, proposta razoada do equipo docente recollida nun informe individualizado elaborado polo titor. Acta de toma de decisión na que participan titor do alumno, xefa de estudos e xefa do departamento de orientación para a proposta definitiva dos alumnos/as do grupo. Reunión coa familia do alumno/a para asinar a súa conformidade de formar parte do programa PMAR e tamén para que o alumno/a asine o seu compromiso. Envío da proposta á Inspección Educativa para a súa autorización.

- Grupos de adquisición das linguas: segundo a Orde do 20 de febreiro de 2004 (alumnado estranxeiro): para alumnado que descoñeza as dúas linguas, o

tempo máximo de permanencia é dun trimestre (excepcionalmente poderase ampliar), deben pertencer á mesma etapa educativa pero non necesariamente ao mesmo curso, 24 horas lectivas na ESO, estarán co grupo de referencia nas materias de educación física, música, educación plástica e visual e tutoría.

- Grupos de adaptación da competencia curricular: segundo a Orde do 20 de febreiro de 2004 (alumnado estranxeiro): para alumnado con desfase curricular de dous o máis cursos con respecto á súa idade, pódese levar a cabo ao longo de todo o curso escolar nunha fracción da xornada escolar coincidindo coas materias de carácter instrumental, 10 periodos lectivos semanais, os alumnos/as poden pertencer a mesma etapa educativa e diferente curso.
- Atención educativa que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo. Dentro deste tipo de alumnado ter en conta:
 - Alumnado de atención hospitalaria ou domiciliaria: o obxectivo é dar continuidade ao proceso de E-A deste alumnado. O de atención domiciliaria que non pode acudir ao centro por prescripción médica un periodo superior a un mes ou 6 ou máis días continuados por un periodo de 6 meses. Así mesmo, levarase a cabo o proceso de solicitude para recibir atención domiciliaria ou hospitalaria seguindo o establecido para estes casos na orde do 27 de decembro de 2002 e no protocolo de atención domiciliaria. O departamento de orientación xunto co titor/a coordinarán o proceso durante o período de convalecencia do alumno/a entre o equipo docente do centro e o profesor/a que atende no domicilio ou hospital.

Para aquel alumnado que non cumpra o tempo requerido para a atención domiciliaria o equipo docente, coordinado polo tutor/a, elaborará unha proposta de actividades educativas que entregarán ás



familias. Aplicarase tamén a aquel alumnado que só poida asistir unha parte da xornada escolar nun tempo continuado superior aos 5 días lectivos. Contará co debido informe médico.

- Alumnado sometido a medidas de protección e tutela: desenvolvemento de acción de carácter compensatorio, garantir praza en centros onde se escolarice alumnado dependente das mesmas familias. Considerados alumnado de NEAE por condicións persoais ou de historia escolar.
- Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero y/ou acoso escolar: escolarización inmediata do alumnado afectado e atención especial á inclusión e normalización de dito alumno/a.
- Alumnado pertencente a familias itinerantes: facilitar a súa escolarización en centros do entorno e coas medidas que procedan para garantir a continuidade do proceso de E-A.
- Atención educativa a menores embarazadas: facer posible a continuación de estudos por parte da menor, e de ser o caso do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, abarcará o embarazo e ata dous anos despois do nacemento do fillo/a (ensinanzas obrigatorias e postobrigatorias), adecuando o proceso de E-A, tendo dereito a asistir intermitentemente. O pai pode beneficiarse se xustifica comportamento de paternidade responsable.
- Alumnado menor sometido a responsabilidade penal: debe prevalecer o dereito de educación do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.
- Absentismo, abandono escolar temperán e desescolarización:
Absentismo: entendido como a ausencia ao centro educativo, sen causa xustificada, do alumno/a en idade de escolarización obrigatoria. A

ausencia suporá, cando menos, un 10% do horario lectivo mensual. As actuacións serán as establecidas no protocolo de absentismo.

Abandono escolar temperán: alumnado que superada a idade de escolarización obrigatoria, abandona o sistema educativo sen a obtención de ningunha titulación. Nestes casos actuamos tratando de informar, asesorar e orientar ao alumno/a e a familia para a súa continuidade no sistema educativo a través das diferentes opcións existentes, de forma que poidan acadar unha titulación mínima de graduado en educación secundaria ou o acceso a un ciclo formativo de grao medio. A maioría deste alumnado reorientase a través dos ciclos formativos de formación profesional básica, preparación da proba de acceso ou educación secundaria de adultos.

Desescolarización: persoas que se atopan en idade de escolaridade obrigatoria que non se atopan matriculadas en ningún centro educativo. Se non temos notificación de cambio de centro e solicitude de traslado de expediente dun alumno matriculado ou que tería que estar no noso centro, actuamos da seguinte forma: contacto coa familia e notificación a Servizos Sociais e Inspección Educativa.

Debemos ter en conta outra serie de programas ou medidas para dar resposta a este tipo de alumnado, programas que pode solicitar o centro coma os Contratos – Programa, programas dentro do Plan Proxecta ou o Programa ARCO, así coma as actividades complementarias e extraescolares propostas para cada curso académico e os plans de formación do profesorado.

Outras das medidas que respostarían á diversidade serían:

- Exención da segunda lingua estranxeira: regulada nas instrucións que para cada curso se establecen para á implantación do currículo da ESO. Esta

medida está pensada para alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, que poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente do titor/a da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou os/as titores/as legais do alumnado afectado pola medida (ANEXO III).

- A optatividade e oferta das materias de libre configuración autonómicas e de centro.
- Os intérpretes de lingua de signos, de ser o caso.
- Os auxiliares técnicos educativos, de ser o caso.

Ademáis, aínda que non é considerada unha medida de atención á diversidade como tal na etapa da ESO, sí é unha medida que da resposta á diversidade de intereses do alumnado, polo que debemos nomear aquí os ciclos de Formación Profesional Básica, e os Programas Formativos Básicos. Os primeiros van dirixidos a alumnado entre 15 e 17 anos (cursado 3º da ESO ou excepcionalmente 2º) que buscan unha cualificación nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (tamén poden acadar o título de graduado en ESO se a xuízo do equipo docente teñen acadados os obxectivos da etapa e as competencias clave). Os segundos impártense en Centros de Educación Especial e teñen unha duración dun ano. Veñen regulados na Orde do 13 de xullo do 2015.

E por último debemos ter en conta os protocolos publicados pola Consellería de Educación coas medidas de intervención para determinado tipo de alumnos/as e os plans que existen no Centro para respostar á diversidade, a saber:

- Plan de acollida: plan de acollida para alumnado novo ou alumnado de incorporación tardía e as súas familias. No marco do PAT.

O paso do alumnado de educación primaria a educación secundaria representa un cambio importante para eles e a súa familia. Significa o aumento do número de profesorado por curso, o cambio de estilo de traballo dos seus profesores/as, a adaptación a novos compañeiros/as, o paso dunha relación baseada no control a unha progresiva autonomía do alumno/a. Procurar que o proceso educativo non sufra discontinuidade esixe un esforzo de coordinación entre os dous centros. Neste proceso lévanse a cabo as seguintes actuacións:

- Reunión do departamento de orientación co titor/a de 6º do centro de primaria adscrito para informar dos diferentes alumnos e recoller unha serie de aspectos a considerar.
- Reunión da orientadora cos alumnos de 6º de primaria para explicar o funcionamento e organización da etapa da ESO.
- Reunión da orientadora e xefa de estudos coas familias do alumnado de 6º de primaria para explicar a organización e funcionamento da nova etapa.
- Acollida de alumnos (comezo de curso) por parte do equipo directivo e orientadora; e posteriormente nas horas de titoría presentación, coñecemento da organización e funcionamento da nova etapa, normativa...
- Primeira reunión das familias cos titores (mes de outubro): organización, funcionamento, horarios de atención a familias, normas, horarios de

clases, departamento de orientación, actividades extraescolares e complementarias, faltas de asistencia, xustificación de faltas, etc.

- Análise pola orientadora dos informes remitidos polo centro de primaria. Entrevistas coas familias de ser necesario.
- Aplicación polo profesor de cada área de probas iniciais de avaliación do nivel de competencia curricular.
- Reunión de avaliación inicial.
- Plan de acollida do profesorado novo.
- Protocolo Educativo para la Prevención y el Control del Absentismo Escolar en Galicia.
- Protocolo de Identidade de Xénero.
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.
- Protocolo de Consenso sobre TDAH.
- Protocolo: Tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA).
- Protocolo de Risco Suicida.
- Protocolo de Urgencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.



5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Para a escolarización do alumnado terase en conta a normativa vixente. Tendo en conta a Orde do 12 de marzo do 2013 a escolarización do alumnado rexerese polos principios de inclusión e normalización. Serán escolarizados como norma xeral en centros ordinarios.

O alumnado será obxecto dunha avaliación inicial, e de ser necesario, dunha avaliación psicopedagóxica. Será a partir destas avaliacións, e mediante a consulta do expediente e informes de etapas anteriores, que se tomarán as medidas que se consideren máis axeitadas para dar resposta ás necesidades do alumno/a.

A atención á diversidade e en especial ó alumnado con NEAE debe contar cunha dotación axeitada e suficiente de recursos tanto persoais, organizativos como materiais. En consecuencia, cando se traballa con alumnos con necesidades moi específicas, os informes psicopedagóxicos deben indicar qué tipo de material específico e o profesorado especialista que se require para ofrecer a eses alumnos unha atención de calidade.

Os recursos cos que contamos para levar a cabo as diferentes actuacións serían, entre outros:

Materiais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Computadores. ▪ Documentación institucional do centro. ▪ Servizo de reprografía. ▪ Teléfono. ▪ Material fuxible e bibliográfico dos Departamentos. ▪ Material psicopedagóxico (cuestionarios, inventarios, tests,...).
------------------	---



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programas informáticos. ▪ Páxinas Web: Consellería, Ministerio, Universidades, etc. ▪ Orzamentos do Departamentos. ▪ Lexislación educativa.
Persoais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Persoal de administración e servizos. ▪ Departamento de Orientación (xefa, PT, titores/as ámbitos, orientador adscrito). ▪ Equipo directivo. ▪ Grupo de titores/as, e equipo docente en xeral. ▪ CCP. ▪ Consello Escolar. ▪ Comisión de convivencia. ▪ ANPAs. ▪ Alumnado: xunta de delegados, ex-alumnos/as.
Organizativos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reunións de coordinación de titores/as. ▪ Reunións de coordinación interna (unha ao mes, Orden do 4 de xuño de 2012). ▪ Reunións do Xefe/a do Departamento de Orientación coa Xefatura de Estudos. ▪ Reunións mensuais da Comisión de Coordinación Pedagóxica (Orde 1 Agosto 97). ▪ Sesións de avaliación. ▪ Reunións trimestrais co Claustro (Orde 1 Agosto 97) ▪ Hora de atención a familias. ▪ Encontros informais na sala de profesores, cafetería, etc.
Do contorno	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biblioteca do Concello.



	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Equipo de Orientación Específico. ▪ Centro de formación e recursos do profesorado ▪ INEM. ▪ Institucións deportivas. ▪ Empresas. ▪ Servizos sanitarios. ▪ Servizos sociais. ▪ Asociacións, ONGs, etc.
--	--

Tendo en conta estes recursos, cada curso escolar verémonos na obriga de priorizar unhas actuacións deixando de atender outras.

- O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos de cada etapa educativa, priorizando as máis ordinarias.
- As demandas ao Departamento de Orientación faranse unha vez esgotadas as medidas levadas a cabo polo titor/a na aula: cambios metodolóxicos, na distribución da clase, axuda entre iguais, atención e explicacións individualizadas, prioridade de obxectivos, etc.
- No Departamento de Orientación, determinarase a prioridade das demandas en función das características de cada caso.
- Os apoios atenderán principalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas.
- De existir unha Adaptación Curricular porque o desfase sexa significativo, traballarase en función da mesma.
- Os apoios impartiranse preferentemente na aula. Poderanse realizar fóra da aula si a resposta educativa que precise o alumnado non se relacione coa

resposta educativa que se está a dar nese período na aula (principalmente por desfase curricular).

- Poderanse agrupar alumnos e alumnas que presenten dificultades similares na aula de apoio e así xestionan o recurso do especialista en P.T.
- Si contamos con especialista en A.L. o alumnado sí sairá da aula e as sesións serán preferiblemente de media sesión.
- Levarase a cabo unha avaliación continua do progreso do alumnado e das medidas propostas, introducindo as medidas correctoras oportunas sempre que o progreso non sexa positivo.
- A organización da atención será aberta a cambios, flexible e suxeita a modificación ao longo de curso, preferiblemente nas xuntas de avaliación.
- Será importante poder establecer unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na intervención.

Priorización das intervencións.

Sempre que non se poidan atender todas as demandas derivadas ao Departamento a priorización rexerese por:

- Priorizar os casos de maior gravidade: alumnado con NEAE de carácter permanente derivadas de deficiencias psíquicas ou sensoriais ou problemas graves de personalidade.
- Alumnado que presente un desfase curricular significativo e teña unha Adaptación Curricular. Será atendido pola especialista en PT dentro ou fora da aula.
- Alumnado que presente un desfase curricular e que cos cambios levados a cabo polo titor/a non vai lograr progresar adecuadamente.
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, priorizando os cursos máis baixos.
- Alumnado que repite curso.

Modalidade dos apoios

- Do profesor/a titor/a ou doutros profesores. Estará destinado ao alumnado que pode seguir o currículo ordinario do curso, pero necesita, para logralo, unha atención máis individualizada.
- Do especialista en PT. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Procedemento para incluír a un alumno/a en apoio.

Os pasos a seguir serán:

- Detección: na avaliación inicial que cada titor/a ou profesor de materia leva a cabo a principio de curso ou calquera momento do curso escolar.
- Derivar o caso ao Departamento de Orientación, cubrindo a correspondente folla de derivación (ANEXO IV). O titor/a informará aos pais.
- A orientadora valorará ao alumno/a previa información á familia e elaborará o correspondente informe psicopedagóxico coas orientacións máis axeitadas para ese alumno/a.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

Tendo en conta os principios metodolóxicos que rexen a intervención educativa nos centros, se promoverá e facilitará a construción de aprendizaxes significativas programando actividades que se incardinan na organización do coñecemento existente no alumno para que posibiliten a reelaboración da súa experiencia e a construción de novos coñecementos.

Empregaremos distintas estratexias para atender á diversidade do alumnado, adaptando tamén a metodoloxía en función das características dos alumnos/as. Intentaremos prever distintas situacións de aprendizaxe para poder conseguir os

obxectivos previstos, reformulando tarefas de ensino-aprendizaxe sempre que sexa necesario para lograr a súa comprensión, proporcionando aclaracións, explicacións complementarias, demostracións e exemplos que nos permitan chegar ó máximo grao posible de axuste entre as características dos alumnos e a natureza das actividades de aprendizaxe.

A organización dos contidos a través de proxectos e unidades didácticas permítenos a programación de tarefas con distintos niveis de dificultade e axustadas ás súas ideas previas. Aínda que os obxectivos de aprendizaxe son os mesmos para todos os alumnos e alumnas, as axudas para conseguilos son diferentes e diferenciadas.

Neste sentido as actuacións dos diferentes profesionais pasarían por:

Equipo directivo

Responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade, para o cal debe:

- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto nas medidas de atención á diversidade como a necesaria coordinación entre o profesorado.
- Solicitar os recursos necesarios para Atención á Diversidade.
- Habilitar os recursos dispoñibles.
- Coordinar a actividade docente do centro.
- Actualizar os documentos do centro.
- Organizar os espazos, tempos e agrupamentos.

Titores e equipo docente en xeral

- Participar no desenvolvemento do Plan de Atención á Diversidade.
- Realizar a avaliación inicial.
- Colaborar co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica.



- Atender ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder aos cambios oportunos na metodoloxía ou organización da aula e do currículo citados ao longo deste Plan.
- Elaborar as Adaptacións Curriculares coa colaboración do resto do profesorado especialista en P.T. e A.L. (de ser o caso) e a orientadora.
- Facilitar a integración dos alumnos/as no grupo.
- Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.
- Informar ás familias sobre o proceso educativos dos seus fillos/as a través do titor/a en primeiro lugar ou de forma persoal.
- Asistir ao proceso de avaliación dos alumnos/as coordinados polo titor/a do grupo.
- Coñecer as características do grupo de alumnos/as.

Departamento de orientación

Dende o Departamento de Orientación, nas accións emprendidas, procurarase unha metodoloxía motivadora, activa e participativa, que implique tanto a toda a comunidade educativa como aos servizos da contorna, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo.

As principais estratexias pasan por:

- Representar ao departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento e facilitar a colaboración entre os seus membros.
- Velar pola confidencialidade dous documentos, tendo en conta o disposto non “Protocolo de Protección de datos”.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do centro, así como asesorar non deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.



- Coordinar as accións do profesorado de apoio na atención do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), elevando a xefatura de estudos, non caso de ser preciso, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.
- Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativos e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.
- Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfrontalos momentos escolares máis decisivos

ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

- Informar ó alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñer a realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Nos institutos onde se imparta formación profesional específica, coordinar a orientación laboral e profesional con outras administracións o institucións.
As actuacións por parte do mestre/a de PT e/ou AL (de ser o caso) serían:
- Asistir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.

- Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CENTROS ADSCRITOS

Coordinación Interna

- Reunións do Departamento de Orientación: mensualmente e tantas outras coma a marcha do curso o requira.
- Reunións da orientadora co profesor especialista de P.T. e A.L. se o houbese.
- Reunións da C.C.P.: mensualmente.
- Sesións de avaliacións.
- Todas as xuntanzas que requiran os casos concretos.
- Reunión da xefatura do departamento de orientación cos titores/as dos diferentes cursos.
- Reunión do claustro: unha por trimestre.

Coordinación con Adscritos e outras Etapas Educativas

- Reunións coas responsables dos centros adscritos: unha ao trimestre e a final de curso para intercambiar información relevante do alumnado que se incorpora ao IES.
- Reunións cos orientadores/as da zona para coñecer a oferta educativa da contorna.

8. CANLES DE COLABORACIÓN CON FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

Coas familias

A nosa proposta baséase, fundamentalmente, na crenza de que a relación entre as familias e o centro debe darse dende a confianza e o respecto, establecendo un clima de confianza e diálogo, unhas vías de comunicación máis ou menos constantes, que redunden nunha relación fluída, onde calquera das dúas partes se sinta lexitimada para pedir e/ou ofrecer axuda, información, etc. á outra, e intentando afianzar un alto nivel de participación no centro.

Consideramos preciso conseguir, con imaxinación e "boa man", que os pais sexan "os nosos aliados".

Así, realizamos unha reunión inicial coas familias a comezo de curso para presentación do equipo directivo, departamento de orientación e titores/as e informar sobre aspectos de organización e funcionamento do centro. Recíbense ás familias e despois soben ás aulas correspondentes con cada titor/a para informar sobre aspectos básicos como xestión das faltas de asistencia, xustificación, horarios, actividades, etc.

Haberá entrevistas individuais do titor/a coas familias para seguimento de curso e para tratar temas relacionados cos seus fillos cando sexa necesario. Tamén se se estima oportuno estarán na reunión dirección, xefatura de estudos e/ou departamento de orientación.

Enviaranse circulares e notas informativas para comunicar actividades ou reunións.

Todos os profesores teñen unha hora de atención a familias no seu horario.

Cos servizos externos e recursos da contorna

A ferramenta fundamental é a coordinación e cooperación, o intercambio de información (tendo en conta o establecido no Protocolo de Protección de Datos) e o asesoramento bidireccional. Estes servizos se refiren tanto aos enmarcados no sistema educativo coma EOE, CFR, CIUG, outros centros educativos, etc., coma os Sanitarios, Sociais, Asociacións, Biblioteca municipal, Concello, empresas da zona, instalacións deportivas, etc.

9. PROTOCOLOS PARA SOLICITUD E / OU AUTORIZACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Os diferentes documentos para a solicitude das medidas así coma da intervención do departamento de orientación ou copia do informe psicopedagóxico encóntranse recollidas nos anexos do plan:

- Anexo I: comunicación avaliación psicopedagóxica.
- Anexo II: comunicación realización ACS.
- Anexo III: conformidade exención da segunda lingua estranxeira.
- Anexo IV: folla de derivación ou solicitude de intervención do departamento de orientación.
- Anexo V: conformidade flexibilización educativa.
- Anexo VI: conformidade alumnado e familias para á incorporación a un PMAR.
- Anexo VII: autorización apoio educativo.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

García Ramos (2014) entende a avaliación como "un acto de valoración da realidade". Pola súa banda a LOMCE, no seu preámbulo, a presenta como "un valioso instrumento de seguimento, valoración e mellora dos resultados e procesos educativos".

Entendemos, polo tanto, a avaliación como un proceso de recollida de información, en función da cal tomaremos unha serie de decisións. Consideramos este proceso como un instrumento clave de investigación e reflexión sobre a práctica educativa, que pode ter, por outra banda, un grande potencial formativo.

A avaliación contemplará os tres momentos clave (cando avaliar) en todo proceso avaliador:

- Inicial ou avaliación de necesidades.
- Continua, seguemento das diferentes medidas implantadas.
- Final, que se efectuará ao final do curso e os seus resultados incluíranse na memoria anual, de modo que sirvan de base para manter, modificar ou eliminar aqueles aspectos do Plan que se considere preciso.

As actividades de avaliación irán encamiñadas a:

- Valorar en que medida imos logrando os obxectivos propostos.
- Mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir ou adaptar os devanditos deseños de face a conseguir unha maior eficacia.
- Valorar as dificultades, imprevistos e obstáculos que están xurdindo na súa implementación.
- Valorar discrepancias entre o planificado e o realizado.

Esta avaliación faise tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

- Grao de consecución dos obxectivos

- Adecuación dos contidos e actividades para a consecución dos obxectivos.
- Adecuación dos materiais e recursos empregados
- Participación e calidade da mesma do alumnado.
- Participación e calidade da mesma do profesorado e dos titores.
- Participación e calidade da mesma dos órganos de goberno e de coordinación
- Participación e calidade da mesma das institucións e servizos do entorno.
- Colaboración e implicación das familias.

Ao finalizar cada curso escolar elaborárase a Memoria Final na que se recollerán os datos e valoracións máis importantes obtidas no proceso de avaliación. Nela incluiremos as propostas de mellora do Plan. É preciso que as propostas se definan non só dende o DO, senón tamén dende a CCP, o Claustro, o Equipo Directivo, e por suposto dende o colectivo de alumnado, familias e outras institucións e servizos que se vexan implicados na implementación das accións propostas.

Estas propostas deben abarcar por un lado a organización e funcionamento e por outro os resultados.

Entre os factores de organización e funcionamento e que polo tanto inflúen na boa xestión do departamento deben estar as estruturas tales como:

- A coordinación co equipo directivo.
- Colaboración coa CCP.
- Os apoios internos e externos.
- A metodoloxía utilizada.
- A avaliación.



En canto aos factores relacionados cos resultados debemos observar non só os logros acadados polo departamento en relación ás aprendizaxes do alumnado, senón tamén aspectos non estritamente académicos como a satisfacción, a implicación, etc.



ANEXOS

Anexo I: comunicación avaliación psicopedagóxica.

Anexo II: comunicación realización ACS.

Anexo III: conformidade exención segunda lingua estranxeira.

Anexo IV: folla de derivación ao departamento de orientación.

Anexo V: autorización flexibilización educativa.

Anexo VI: conformidade alumnado e familias para á incorporación a un PMAR.

Anexo VII: autorización apoio educativo.

Anexo VIII: Bibliografía e Webgrafía.



ANEXO I: COMUNICACIÓN AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D./Dna.:.....
 pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a.....
 manifesto que fun informado da necesidade de que o departamento de orientación proceda á realización dunha avaliación psicopedagóxica do meu fillo/a e así poder determinar as posibles necesidades educativas do proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como as medidas de atención a desenvolver no seu caso.

	Conforme
	Non conforme

....., a..... de..... de 20.....

Asdo.: Pai/nai/titor/a legal



ANEXO II: COMUNICACIÓN REALIZACIÓN ACS

En cumprimento do disposto na Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral infórmase á familia do alumno, escolarizado no curso da decisión por parte do equipo educativo que o atende, de elaborar unha adaptación curricular que permita dar unha desposta máis axeitada ás necesidades educativas do seu fillo.

Comunicada a necesidade do/ meu/miña fillo/a e comprendido en que consiste a medida que se propón

<input type="checkbox"/>	Conforme
<input type="checkbox"/>	Non conforme

....., a..... de.....de 20.....

Asdo.: Pai/nai/titor/a legal



ANEXO III: CONFORMIDADE EXENCIÓN SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

D./Dna.:.....,
 pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a.....,
 fun informado/a da posibilidade de que o meu fillo/a reciba apoio educativo e
 quede exento da segunda lingua estranxeira nos cursos 1º e 2º de Educación
 Secundaria Obrigatoria co fin de atender as súas necesidades educativas.
 Comunicada a necesidade do meu/miña fillo/a e comprendido en que consiste
 a medida que se propón

	Conforme
	Non conforme

....., a..... de.....de 20.....

Asdo.: Pai/nai/titor/a legal

ANEXO IV: FICHA DE DEMANDA DE INTERVENCIÓN PARA O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1.-Petición realizada por _____

2.- Datos do alumno/a sobre o que se demanda a intervención:

- Nome e apelidos _____
- Curso no que está o alumno/a _____
- Data de nacemento _____
- Repite este curso? Sí Non
- Repetiu algún curso? Sí Non Cal? _____

3.- En canto á demanda: (empregar o revés da folla se fose necesario)

- Que motivos existen para formular a demanda?

- Problemática observada.

- Medidas tomadas por parte do profesorado antes esta problemática ou polo profesor/a que solicita a intervención.

- Existen antecedentes que se coñezan sobre esta situación?

....., a de.....de 20.....

Asdo:.....



ANEXO V: CONFORMIDADE FLEXIBILIZACIÓN

D.
con DNI., e

Dña.
con DNI.

Como pai-nai do alumno/a
de anos de idade e escolarizado/a en
no curso

Despois de ter sido informados pola Xefa do Departamento de Orientación

Poñemos de manifesto

	Conformidade
	Non conformidade

con que se proceda a flexibilizar o período de escolarización do noso fillo/a, co fin de
que o vindeiro ano lectivopoida realizar o curso da

....., a de do 20.....

Asdo.:.....



ANEXO VI: CONFORMIDADE ALUMNADO E FAMILIAS INCORPORACIÓN PMAR

OPINIÓN DO ALUMNO SOBRE A PROPOSTA DE INCORPORACIÓN A UN PMAR

D/D^a.....
 alumno/a do IES Virxe do Mar, tras recibir a información necesaria acerca do PMAR
 decurso/s académico/s, manifesto a miña opinión:

<input type="checkbox"/>	FAVORABLE
<input type="checkbox"/>	DESFAVORABLE

Ante a posibilidade de cursar dito programa

....., a de..... de 20.....

Asdo:.....

(Sinatura do alumno)



OPINIÓN DA FAMILIA SOBRE A PROPOSTA DE INCORPORACIÓN A UN PMAR
--

D/D^a.....

Nai/pai do alumno/a....., tras recibir a información necesaria por parte do IES Virxe do Mar acerca do PMAR decurso/s académico/s, manifesto a miña opinión:

<input type="checkbox"/>	FAVORABLE
<input type="checkbox"/>	DESFAVORABLE

Ante a posibilidade de que o meu fillo/a forme parte de dito programa.

....., a de..... de 20.....

Asdo:.....

(Sinatura do pai/nai/titor/a legal do alumno/a)



ANEXO VII: AUTORIZACIÓN AULA DE APOIO EDUCATIVO

Eu.....nai/pai/titor/a
legal do alumno/a.....
escolarizado en curso, amoso a miña conformidade para que o meu
fillo/a reciba **APOIO EDUCATIVO** por parte do especialista en Pedagogía
Terapéutica.

....., de de 20.....

Asdo:.....

ANEXO VIII: BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA

- Bisquerra, R. (2000). Educación emocional y bienestar. Praxis educación. Barcelona.
- Blanco Barrios, M. (2001). El alumnado extranjero: un reto educativo. Madrid. Ed. EOS.
- Castillo Arenal, T. (2007). Déjame intentarlo. La discapacidad: hacia una visión creativa de las limitaciones humanas. Barcelona. CEAC.
- Colectivo Amani (2004). Educación intercultural. Análisis y resolución de conflictos. Madrid. Ed. Popular.
- Costa Borrás, M. e Torrubia Beltri, R. (Coord); “Familia y escuela”, en: Temáticos Escuela Española.
- Fernández Sierra, J. (1999). Acción psicopedagógica en educación secundaria. Málaga. Aljibe.
- Galve (2014): Evaluación psicopedagógica de las dificultades de aprendizaje. Vol I e II. Madrid: CEPE.
- García Ramos, J.M. (2014). Bases pedagógicas de la evaluación. Madrid. Síntesis.
- Santana Vega, L. (2013). Orientación educativa e intervención psicopedagógica. Cambian los tiempos, cambian las responsabilidades profesionales. Madrid. Pirámide.
- Savater, F. (2008). El valor de educar. Barcelona. Ariel.
- Vaello Orts, J. (2014). Cómo dar clase a los que no quieren. Barcelona. Graò.

WEBGRAFÍA

- www.edu.xunta.es
- www.educarex.ex
- www.xunta.es/diario-oficial
- www.convivesenlaescuela.blogspot.com.es
- www.orientagalicia.blogspot.com.es
- www.educadiversa.org
- www.diversidadycoeducacion.com

REFERENTES NORMATIVOS

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, da Educación (LOE). (BOE 4 maio 2006).

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE 10 decembro 2013).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, os contido e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE 29 xaneiro 2015).

Real Decreto Lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE 10 decembro 2016).

Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do 2º ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria. (BOE 12 marzo 2010).

Decreto 324/96, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES. (DOGA 9 agosto 1996).

Orde do 1 de Agosto de 1997, dita instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/96 del 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES e establécese a súa organización e funcionamento. (DOGA 2 setembro 1997).

Orde do 4 de xuño de 2012 pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOGA 13 xuño 2012).

Decreto 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOGA 27 abril 1998).

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/98. (DOGA 31 xullo 1998).

Circular nº 10/2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA 29 xuño 2015).

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOGA 25 maio 2010).

Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega (DOGA 19 febreiro 2014).

Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOGA 26 decembro 2012).

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOGA 15 marzo 2013).

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOGA 15 xullo 2011).

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOGA 27 xaneiro 2015).

Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOGA 7 novembro 1995).

Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación. (DOGA 28 novembro 1996).

Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización. (DOGA 19 decembro 1996).

Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE. (DOGA 30 xaneiro 2003).

Orde do 20 de febreiro de 2004, medidas de atención específicas para o alumnado procedente do estranxeiro. (DOGA 26 febreiro 2004).

Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado da ESO.

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOGA 21 decembro 2011).

Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos (DOGA 15 setembro 2014).

Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas (DOGA 22 xullo 2015).

Resolución do 19 de decembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Instrucións do 6 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020, nos Centros Docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.



Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (BOE 19 xaneiro 2008).

Protocolo de Protección de Datos. Xunta de Galicia.

Protocolo Educativo para la Prevención y el Control del Absentismo Escolar en Galicia. Xunta de Galicia.

Protocolo de Identidade de Xénero. Xunta de Galicia.

Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria. Xunta de Galicia.

Orientacións Plan de Convivencia. Xunta de Galicia.

Protocolo Acoso e Ciberacoso Escolar: Prevención, Detección e Tratamento. Xunta De Galicia.

Protocolo de Consenso sobre TDAH. Xunta de Galicia.

Protocolo: Tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA). Xunta de Galicia.

Protocolo de Medidas Correctoras. Xunta de Galicia.

Protocolo de Risco Suicida. Xunta de Galicia.

Protocolo de Urgencias sanitarias e enfermidade crónica. Xunta de Galicia.

Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual. Xunta de Galicia.

Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

Xunta de Galicia.

Procotolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais. Xunta de Galicia.

Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe. Xunta de Galicia.